



***Normativa de mobilidade da Facultade de Ciencias e
Empresariais.***

Universidade de Vigo

**Aprobada na Xunta de Facultade do 13 de maio de 2020.
Modificada na Xunta de Facultade do 28 de novembro de 2023.**

NORMATIVA DE MOBILIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

(ID Centro: E VIGO01)

OBXECTO E ALCANCE

O regulamento da mobilidade internacional da Universidade de Vigo (en adiante, UVigo) ten como obxectivo potenciar a mobilidade internacional dos membros da comunidade universitaria e constitúe o marco normativo de referencia no que se desenvolven as actividades de internacionalización dos diferentes centros da Universidade.

A presente normativa reguladora dos programas de intercambio nacional e internacional (SICUE, ERASMUS+, ERASMUS prácticas, ISEP, acordos bilaterias, etc.) é específica para as titulacións da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (en adiante, FCEE) da Universidade de Vigo: Graos de Administración e Dirección de Empresas (ADE), Economía (ECO), e no tocante ao estudiantado do Plan Conxunto ADE-Dereito (PCEO), e só no caso de que na convocatoria de mobilidade da Uvigo se lles permita elixir os destinos propios deste centro para os seus intercambios académicos, consideraranse estudiantado de ADE a todos os efectos. En consecuencia, rexeranse pola normativa de mobilidade correspondente ao centro elixido, que será o responsable da súa mobilidade e dos seus contratos de intercambio, de acordo cos requisitos establecidos na presente normativa. No tocante a titulacións de posgraos adscritas ao centro, además de quedar sometidas a presente normativa, rexiránse polas propias normas internas.

O obxecto da presente normativa é recoller o conxunto de directrices adicionais que regulen as condicións da mobilidade no caso das titulacións impartidas na FCEE, de xeito que se acade un equilibrio entre o fomento da mobilidade dos estudantes e o compromiso contido formativo das titulacións da Facultade recollido nas memorias dos títulos e baixo o Sistema de Garantía da Calidade.

Na FCEE, a comisión de relacións internacionais e o órgano asesor responsable de participar na definición da política de mobilidade do centro e velar polo desenvolvemento do presente regulamento. Esta comisión estará integrada polas persoas designadas segundo o establecido polo regulamento de réxime interno da Facultade.

Na FCFE, existe a figura de tutor de intercambio, ou tutor académico, para asesorar, supervisar e elaborar o contrato de estudos do estudiantado saínte segundo o establecido polo presente regulamento e as directrices da comisión de relación internacionais. Unha vez que o estudiantado acade una praza de intercambio, a FCEE asignaralle un tutor.

MOBILIDADE INTERNACIONAL

Todo/a estudante que se acolla a un programa de mobilidade internacional na FCEE deberá de cumprir os requisitos establecidos na normativa xeral de mobilidade da Universidade de Vigo, así como os establecidos pola FCEE no marco do programa de intercambio.

Nas solicitudes de intercambio internacional, o estudiantado saínte (*outgoing*) deberá acreditar os requisitos (incluído o nivel de idioma) establecidos na normativa xeral de mobilidade da Universidade de Vigo, así como o que lle esixa a maiores a universidade de destino. O estudiantado entrante (*incoming*) deberá acreditar os requisitos (incluído nivel de idioma) establecidos pola normativa xeral de mobilidade da Universidade de Vigo. E responsabilidade do estudiantado acadar e xustificar o cumprimento destas condicionantes para a consecución da praza de intercambio.

No caso de que sexa a FCEE a encargada de asignar estudantes a destinos no marco de calquera programa de mobilidade internacional aplicaranse os criterios que para tal efecto o que a FCEE aplique no programa ERASMUS+.

REQUISITOS QUE DEBE CUMPRIR O CONTRATO DE ESTUDOS:

Número de créditos

- O **número máximo de créditos** da titulación a incluír no contrato de estudos será con carácter xeral de 60 ECTS en mobilidades con duración de curso completo e 30 ECTS para mobilidades cuatrimestrais. Devandito límite poderá variar nun 5% cando existan motivos que o xustifiquen.

O estudiantado do PCEO poderá ampliar este contrato de ADE nun máximo de 6 créditos adicionais por cuatrimestre, sempre e cando este incremento se leve a cabo en materias de dereito. Esta ampliación está condicionada a: (1) a existencia de materias de dereito no destino seleccionado, (2) a aprobación da persoa responsable das relación internacionais na Universidade de destino, e (3) a aprobación da persoa titora en orixe.

O/a estudante será o/a responsable de acadar o cumprimento destas condicionantes.

- O **número mínimo de créditos** da titulación a incluír no contrato de estudos será de 36

ECTS no caso de mobilidades anuais e de 18 ECTS para mobilidades cuatrimestrais. Naqueles supostos nos que ao/á estudante lle resten para finalizar os seus estudos menos créditos que o mínimo esixido en cada tipo de estancia, poderá optar ao intercambio dos devanditos créditos a condición de que se matricule de todos eles, sempre que se cumpran as normas xerais da normativa Uvigo.

- No caso de mobilidades de curso completo e mobilidades durante o segundo cuatrimestre de cuarto curso, se o/a alumno/a está matriculado do TFG poderá descontar 12 ECTS no cómputo anteriormente sinalado.
- Para os destinos cunha metodoloxía distinta á de ECTS, calcularase o número de horas equivalentes a un ECTS, tendo en conta as características concretas dos plans de estudos do país de destino, e farase o recoñecemento de acordo ao devandito cálculo.

Elaboración do contrato de estudos

O/a estudante poderá incluír no contrato de estudos materias correspondentes aos dous últimos cursos da súa titulación, a condición de que non as suspendese na Universidade de Vigo previamente e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Unha materia da titulación de orixe do/a estudante pode ser recoñecida por varias materias da universidade de destino, ou viceversa, sempre que así sexa necesario por motivos de equivalencia no número de créditos e/ou contidos, reflectíndose iso no contrato de estudos.
- *Asignaturas básicas e obrigatorias*: para que unha materia obrigatoria na Universidade de Vigo sexa recoñecida por unha cursada na universidade de destino, ambas materias teñen que permitir ao estudante adquirir competencias e coñecementos similares. Para iso, o/a titor/a e o/a coordinador/a debe coñecer os detalles das materias da universidade de destino (contidos, número de créditos...).
- *Materias optativas*: preferiblemente buscaranse materias en destino similares ás materias optativas da Universidade de Vigo. Permitirase incluír no contrato de estudos materias relacionadas co Grao que estea a cursar o/a estudante, aínda que na súa titulación non se imparta ningunha materia similar.
- *Idiomas*: con carácter xeral, non se poderán recoñecer os idiomas por ningunha materia do plan de estudos. Con todo, se houberse unha diferenza pequena de créditos (3 ECTS como máximo) entre as materias de destino e as da Universidade de Vigo, poderanse engadir no contrato de estudos materias de idiomas, co obxectivo de axustar o número

de créditos se fose necesario, que non computarán nas cualificacións recoñecidas.

- *Traballo Fin de Grao (TFG)*: Non poderá formar parte dos acordos de intercambio (entrantes ou saíntes).
- *Prácticas*: So poderán recoñecerse prácticas no caso de ser materias curriculares no plan de estudos da FCEE.

A validez do contrato de intercambio estará supedita a aceptación explícita do titor de intercambio previa á aprobación dos responsables de relacións internacionais en orixe e destino.

Unha vez aprobado o contrato de estudos, o estudantado e o responsable de matricularse segundo a normativa de matrícula. Este paso é imprescindible para o posterior reconecimiento das cualificacións das materias do contrato obtidas no destino.

RECOÑECEMENTO DAS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NO ESTRANXEIRO

O recoñecemento das cualificacións obtidas no estranxeiro deberase de axustar ao disposto no [Anexo I. Escalas de cualificación de países estranxeiros](#), o [Anexo II. Táboas de equivalencias por países](#) da [Resolución de 21 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualificación das universidades españolas](#).

- O recoñecemento dos créditos cursados na universidade de destino realizarase unha vez que a FCEE reciba o Certificado Orixinal de Cualificacións expedido pola universidade de destino, con firma e selo, denominado “*Transcript of Records*”.
- O recoñecemento farase sobre todas as materias contidas no contrato final de estudos (incluídas as materias suspendidas e non presentadas). Aquelas materias do contrato final que non aparezan no Certificado Orixinal de Cualificacións, reflectiranse no expediente como “*Non Presentadas*” (independentemente da nota obtida no exame ou proba realizada na universidade de destino).
- No caso no que unha materia da Universidade de Vigo sexa recoñecida por varias materias cursadas na universidade de destino, o recoñecemento levarase a cabo da seguinte maneira:
 - ✓ se todas as materias que compoñen o bloque foron aprobadas, asignaráselle a nota resultante de aplicar a media ponderada (cualificación multiplicada por número de créditos) ao conxunto de materias incluídas na devandita correspondencia.

- ✓ no caso de que algunha das materias que compón o bloque non fose aprobada, a materia equivalente na Universidade de Vigo aparecerá como suspensa, coa nota máis alta das materias suspensas que compoñen o bloque.
- No caso de que unha materia de destino estea vinculada a máis dunha materia da Universidade de Vigo, o recoñecemento destas farase trasladando a nota correspondente á materia de destino a cada unha das materias da Universidade de Vigo.
- Matrícula de Honra: poderanse recoñecer materias con “Matrícula de Honra” cando se cumplan os seguintes requisitos:
 - ✓ Obter a máxima cualificación posible segundo a táboa oficial de conversión de cualificacións e dispor dun certificado emitido pola universidade de destino onde conste que o/a estudante se atopa entre o 5% dos mellores estudantes matriculados na devandita materia. Non se aceptará outro tipo de recomendación relativa a asistencia, participación, etc.
 - ✓ Conte co “Visto e Prace” da Comisión de Relacións Internacionais da FCEE.

MOBILIDADE NACIONAL

Todo/a estudante que se acolla a un programa de mobilidade nacional na FCEE deberá cumprir os requisitos establecidos na normativa xeral de mobilidade da Universidade de Vigo, así como os establecidos pola FCEE.

A selección de candidaturas para participar no programa de mobilidade nacional (SICUE) se levará a cabo conxuntamente coa Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da Universidade de Vigo.

REQUISITOS QUE DEBE CUMPRIR O CONTRATO DE ESTUDOS:

Número de créditos

- **Número máximo** de créditos da titulación a incluír no contrato de estudos será con carácter xeral de 60 ECTS en mobilidades con duración de curso completo e 30 ECTS para mobilidades cuatrimestrais. Devandito límite poderá variar nun 5% cando existan motivos que o xustifiquen.

O estudantado do PCEO poderá ampliar este contrato de ADE nun máximo de 6 créditos adicionais por cuatrimestre, sempre e cando este incremento se leve a cabo en materias de dereito. Esta ampliación está condicionada a: (1) a existencia de materias de dereito

no destino seleccionado, (2) a aprobación da persoa responsable das relacións internacionais na Universidade de destino, e (3) a aprobación da persoa titora en orixe. O/a estudante será o/a responsable de acadar o cumprimento destas condicionantes.

- **Número mínimo** de créditos **da titulación** a incluír no contrato de estudos será de 45 ECTS no caso de mobilidades anuais e de 24 ECTS para mobilidades cuadrimestrais.
- En aqueles supostos nos que ao/a estudante lle reste para finalizar os seus estudos menos créditos que o mínimo esixido en cada tipo de estancia, poderá optar ao intercambio dos devanditos créditos, a condición de que se matricule de todos eles.
- No caso de mobilidades de curso completo, se o/a estudante está matriculado do TFG poderá descontar 12 ECTS no cómputo anteriormente sinalado.

Elaboración do contrato de estudos

- O/a estudante poderá incluír no contrato de estudos materias correspondentes ao Grao en Administración e Dirección de Empresas ou Grao en Economía, segundo proceda, a condición de que se cumpran os seguintes requisitos:
- Unha materia da titulación de orixe do/a estudante pode ser recoñecida por varias materias da universidade de destino, ou viceversa, sempre que así sexa necesario por motivos de equivalencia no número de créditos e/ou contidos, reflectíndose iso no contrato de estudos.
- *Materias básicas e obrigatorias*: soamente poderán ser convalidadas por materias impartidas noutros centros de ámbito nacional cando teñan un contido e unha carga horaria substancialmente similares.
- *Materias optativas*: preferiblemente buscaranse materias en destino similares ás materias optativas da Universidade de Vigo. Permitirase incluír no contrato de estudos materias relacionadas co grao que estea a cursar o/a estudante, aínda que na súa titulación non se imparta ningunha materia similar.
- *Idiomas*. Non se recoñecerán os cursos de idiomas por materias do Grao.
- Poderase incluír no contrato de estudos, como máximo, unha materia que fose cualificada previamente como suspenso na Universidade de Vigo.
- *Traballo Fin de Grao (TFG)*: Non poderá formar parte dos acordos de intercambio (entrantes ou saíntes).
- *Prácticas*: So poderán recoñecerse prácticas no caso de ser materias curriculares no plan

de estudos da FCEE.

A validez do contrato de intercambio estará supedita a aceptación explícita do titor de intercambio previa á aprobación dos responsables de relacións internacionais en orixe e destino.

Unha vez aprobado o contrato de estudos, o estudantado e o responsable de matricularse segundo a normativa de matrícula. Este paso é imprescindible para o posterior reconecimiento das cualificacións das materias do contrato obtidas no destino.

RECOÑECEMENTO DAS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NOOUTRA UNIVERSIDADE NACIONAL

- O recoñecemento dos créditos cursados na universidade de destino realizarase unha vez que a FCEE reciba o Certificado Orixinal de Cualificacións expedido pola universidade de destino, con firma e selo.
- O recoñecemento farase sobre todas as materias contidas no contrato de estudos final (incluídas as materias suspensas e non presentadas).
- No caso no que unha materia da Universidade de Vigo sexa recoñecida por varias materias cursadas na universidade de destino, o recoñecemento levarase a cabo da seguinte maneira:
 - ✓ se todas as materias que compoñen o bloque foron aprobadas, asignaráselle a nota resultante de aplicar a media ponderada (cualificación multiplicada por número de créditos) ao conxunto de materias incluídas na devandita correspondencia.
 - ✓ no caso de que algunha materia que compón o bloque non fose aprobada, a materia equivalente na Universidade de Vigo aparecerá como suspensa, coa nota máis alta das materias suspensas que compoñen o bloque.
- No caso de que unha materia de destino estea vinculada a máis dunha materia da Universidade de Vigo, o recoñecemento destas farase trasladando a nota correspondente á materia de destino a cada unha das materias da Universidade de Vigo.
- Matrícula de Honra: poderánse recoñecer materias con “Matrícula de Honra” cando se cumplan os seguintes requisitos:
 - ✓ Obter a cualificación de Matrícula de Honra na universidade de destino.
 - ✓ Conte co “Visto e Prace” da Comisión de Relacións Internacionais da FCEE.